

Galicia destino seguro

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

- A **Xunta** e o **sector turístico** traballamos no programa **Galicia, destino seguro** que se asenta en **4 piares**

1



MANUAIS E CARTEIS

2



FORMACIÓN

3




ASESORAMENTO

4



FINANCIAMENTO

1 INFORMACIÓN



Co impulso do [Instituto de Seguridade e Saúde Laboral](#) (ISSGA), e a participación do [Centro Superior de Hostelería de Galicia](#) (CSHG), [Saúde Pública](#) e o sector e entidades como o [Instituto para a Calidade Turística Española](#) (ICTE), a [Federación Galega de Municipios e Provincias](#) (Fegamp) e especialistas como o profesor e catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC, **Juan Gestal**, elaboramos **11 manuais/carteis vivos e suxeitos a actualizacións** cos requisitos obrigatorios do Ministerio de Sanidade, as recomendacións elaboradas polo Ministerio de Turismo consellos adaptados aos establecementos galegos. Estamos traballando en novos materiais dispoñibles

➔ www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/informacion

2 ASESORAMENTO

As empresas e profesionais que o necesiten poden chamar ao teléfono gratuito **900 815 334** de luns a venres, de 10,00 a 14,00h e de 16,00 a 20,00 h. ou enviar un correo electrónico ao enderezo: info-galiciadestinoseguro@xunta.gal



900 815 334



de luns a venres

de 10:00 a 14:00

de 16:00 a 20:00



info-galiciadestinoseguro@xunta.gal



www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/asesoramento

3 FORMACIÓN

Poñemos en marcha un plan de formación en materia de protocolos hixiénico sanitarios con **máis de 600** accións formativas previstas que se coordinarán en colaboración co sector, a través do [Centro Superior de Hostelería de Galicia](#) (CSHG) e as asociacións provinciais e organismos sectoriais.

Esta formación é de **carácter gratuito e voluntario**, e pretende que o sector do Turismo de Galicia estea formado en materia de seguridade e prevención ante a COVID-19 para facer de Galicia un destino seguro.

Polo de agora xa programadas para albergues, campings, guías de turismo, campos de golf, balnearios



www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/formacion

4 FINANCIAMENTO

No [Consello da Xunta](#) do venres 29 de maio deuse visto bó a:

- **Axudas a establecementos de hostalería e restauración, axencias de viaxe e outros locais turísticos**, que cubrirán o **100% de investimento**, ata 1.200 euros desde un mínimo de 300 euros. Irán destinadas a establecementos de menos de 10 traballadores e menos de 300 metros cadrados.
- Tamén contarán con **apoios do 80%** do investimento a pemes de menos de 50 traballadores desde un mínimo de 1.500 euros ata un máximo de 3.750 euros.

Unhas medidas das que se dará actualización en:



www.turismo.gal/galiciadestinoaseguro/financiamento



ADEMAIS...

IMPULSO ECONÓMICO (IGAPE)

- Financiamento para inxectar liquidez inmediata a Pemes e autónomos
- a nova liña **avala entre 3000 e 200.000 euros de importe** por cada negocio
- os beneficiarios disporán de prazos de amortización de **ata 4 anos con 1 de carencia, cun máximo dun 1,50 por cento de xuros, que serán bonificados ao cento por cento pola Xunta, facéndose cargo deles.**

→ Toda a info en: <https://ceei.xunta.gal/coronavirus/axudas-economicas>.



900 815 151



informa@igape.es

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

ADEMAIS...

DIXITALIZACIÓN COVID-19. IGAPE

- O IGAPE dispón xa dun instrumento de apoio para a dixitalización, pero as axudas xa existentes priman os proxectos con visión estratéxica e resultados a longo prazo. **Agora cúbrese ese oco.**

Por unha parte atende a sectores – hostelería, turismo, comercio, transporte, perruquería e estética peroal- ou tipos de organización – economía social, tecido asociativo- que terían dificultade para acceder ao réxime de axudas existente.

Ademáis, propón un conxunto de proxectos subvencionables tipificados, simples, de rápida resolución mediante concorrencia non competitiva, de execución inmediata e orientados á adaptación a COVID19. **Proxectos de entre 1.500 e 12.000 € ao 80%**

ADEMAIS...

DIXITALIZACIÓN COVID-19. IGAPE

En particular, seleccionáronse coma **proxectos subvencionables** os de implementación efectiva de tecnoloxías dixitais en calesqueira das categorías:

- Sistemas de control de presenza: cámaras, sensores, sistemas de “check-in” / “check-out”.
- Sistemas de control de aforo: cámaras, sensores, sistemas online sobre catálogo diario (xestión de citas), xestión de colas.
- Sistemas de control de estado sanitarios: cámaras específicas, pulseiras
- Sistemas de control de normas de calidade Covid 19
- Sistemas e aplicacións de xestión baseados en “Low code automation”
- Sistemas de catálogos diarios efémeros; sistemas de xestión de pedidos efémeros, comandas
- Sistemas de cartelería electrónica para mensaxes a clientela e de emisión de contidos en xeral.
- Sistemas de notificación en móbil; sistemas de xestión de contidos electrónicos para Hostalería (menús, cartas, ...)
- Sistemas de balizas

ADEMAIS...

DIXITALIZACIÓN COVID-19. IGAPE

- Automatización de procesos regulados, tarefas reguladas, pasos regulados por Covid 19
- Adaptación da presenza en internet ao efecto do Covid19, mediante elementos como “bots” de conversa autónoma, integración de sistemas de comercio básicos, mellora do catálogo de produtos, solucións de atención remota, sistemas “pick and go” (compra en móbil e recollida en tenda) e outros similares.
- Solucións de conectividade e incorporación do teletraballo.
- Solucións de mellora da ciberseguridade.
- De xeito excepcional, outros que a xuízo do IGAPE poidan axudar á dita adaptación.

Galicia destino seguro

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA